

GRANXA ESCOLA CASA DO QUEIXO



"A Casa do Queixo é un complexo turístico en plena natureza"
Ángela López Hidalgo

Datos básicos

Actividade:	Granxa Escola
Sector de actividade	Servizos de ocio, diversión e cultura
Nº empregados	7
Inversión inicial	300.000 €
Financiamento inicial:	A través de fondos propios, de préstamos bancarios e do programa LEADER.
Web:	www.casadoqueixo.com
Municipio:	Sobrado, A Coruña
Ano creación:	2001

Descrición do proxecto

A nosa granxa escola concíbese como un proxecto que resulta complementario á escola. Trátase dun programa de educación medioambiental nun entorno rural e en plena natureza onde os nenos poden manter un contacto directo coa natureza, a agricultura, a gandería e a artesanía.

Na actualidade A Casa do Queixo é un complexo turístico en plena natureza. Ademais da granxa escola, conta cun zoo de animais domésticos, un albergue, un museo - tenda e un restaurante.



Datos empresa

Claves do éxito

Factor humano.
Actualmente o sector rural está de “moda”.

Situación actual

Actualmente xa levamos cinco anos traballando nun proxecto que custa bastante rendibilizar. É un proceso lento pero se lle ve moito futuro.

Perfil cliente

A nosa oferta vai dirixida a alumnos e alumnas de preescolar, primaria e ESO, familias, institucións, asociacións culturais, xuvenís e terceira idade.



Idea inicial

A idea xurdiu fai máis de 10 anos a través dunha solicitude que fixo unha profesora amiga da familia de levar aos seus alumnos a ver como se traballaba nunha granxa, as plantacións que había, o establo, ect. Entón xurdiu a idea de crear un zoo de animais domésticos, ademais de desenvolver múltiples e variadas actividades relacionadas coa agricultura, a gandería e a natureza. Cando tivemos os recursos necesarios e a explotación apropiada encamiñámonos a levar adiante o noso proxecto.

Principales dificultades y amenazas futuras

Os principais problemas son burocráticos -obtención de licenzas, permisos, etc.- É un proceso complexo que habitualmente se alarga no tempo, pero tes que adaptarte a unhas normas.
No noso caso a falta de medios de comunicación e infraestruturas constitúen un problema.

Perfil promotores

Non dispoñible

Aptitudes necesarias

Ser moi traballador.
Ter as ideas claras, crer na túa idea e analizar se é alcanzable ou non.
En definitiva, debes ter a cabeza ben amoblada.



Guía de Actividad

Granxa Escola (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Sí a través do programa LEADER.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Sí é fundamental pensar como empresario.

Anecdotario

Non dispoñible.

